




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: O Vicedo. Parroquias: Santa María de Suegos e San Román de Vale. Extensión: 0,96 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada constituída por un bloque tectónico N-S, asociado á apertura da ría de Viveiro. Os acantilados móstranse dinámicos, de parede vertical, teito con pouca pendente e son bastante labirínticos cara ao exterior do seo de Abrela. Así, albergan, nos entrantes, depósitos areosos de pé procedentes da meteorización das rochas metamórficas. O bloque presenta un basculamento cara ao leste, polo que as augas de escorrentía degradaron o aplanamento primixenio.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pertencentes ao dominio Olla de Sapo, a unidade presenta dúas bandas de materiais ordovícicos. A parte oriental componse de filitas do Ordovícico medio e superior. O sector occidental, xa pertencente ao Ordovícico inferior, modéllase en cuarcitas dispostas en bancos continuos. Unha dislocación tectónica achega materiais precámbricos á punta que separa a Praia de Area Grande ou San Román dun pequeno sector areoso coñecido como Praia dos Fardos. Trátase de neises Olla de Sapo, que merecen unha atención especial pola súa antigüidade e a súa vistosidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade acantilada no dominio climático Cálido e Seco: precipitacións anuais que oscilan entre 800 mm e 1000 mm e temperatura media anual por enriba de 14°C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Dominio dos solos tipo acrisol órtico en relación coa natureza litolóxica do substrato rochoso.


AS AUGAS

Unidade acantilada sen rede fluvial destacable que verte sobre as masas de Augas Costeiras 20107 na parte interna da Ría e a 20169 no tramo costeiro exterior, ao oeste da enseada da Pereira.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. A liña de costa está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Unidade acantilada, o hábitat máis destacado é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A aparición de plataformas rochosas, coidos e praias de area intermareais achegan os hábitats 1210, Vexetación anual sobre refugillos mariños acumulados e 1140, Chairros lamacentos ou areosos que non están cubertos de auga cando hai marea baixa. As puntas acollen sectores de matogueira costeira (4030 e 4040).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Practicamente toda a unidade presenta unha cobertura vexetal dominada por un uso forestal, froito de tarefas de repoboación con eucalipto e en menor medida piñeiro, que alcanza o bordo do acantilado. Alí onde non existe este uso forestal, son as formacións vexetais costeiras as que tapizan os solos máis próximos á costa. O extremo sueste da unidade internase, minimamente, no espazo de cultivo pertencente ao núcleo de Suegos (unidade de Abrela) que está sendo premido polo asentamento de edificacións de novo cuño.

MORFOLOXÍA

Tan só no sector sur da Punta de Alegrín, ao sueste da unidade, localízanse edificacións que responden a novos modelos de edificacións -viviendas unifamiliares illadas con uso residencial/turístico- que teñen a súa continuación na unidade de Abrela e cuxa localización está ligada á existencia da praia homónima.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Non existe rede viaria que se interne na unidade a excepción de pistas de carácter forestal que permiten o acceso á plantación existente e á Punta do Fuciño do Porco, onde se atopa o faro occidental de referencia para a entrada á Ría de Viveiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade que se caracteriza, principalmente, polo seu perfil costeiro, xa que constitúe, xunto ao Monte Faro ao leste, a embocadura ou porta de entrada e saída á Ría de Viveiro. Esta situación avanzada sobre a liña de costa, xunto a un relevo caracterizado por pendentes que finalizan en acantilados verticais moi recortados pola acción da dinámica litoral, propiciou o despoboamento absoluto da unidade e a súa caracterización como fito paisaxístico distintivo deste sector do litoral. En planta, obsérvase como a costa da unidade presenta numerosos accidentes xeográficos costeiros: puntas de Alegrín, Monxes, Monte Queimado, Fuciño do Porco, Sucastro, Abrela, Pereira, areas de pé de acantilado -Dos Monxes, Pereira, Os Fardos-, enseadas, illas e illotes -Pereira, Gaveira, Os Fardos respectivamente.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Á marxe dos valores recoñecidos, esta unidade goza dunhas características xeográficas que a cualifican como un sector da costa de especial valor. Tanto a súa localización enmarcando a primeira da Rías Altas do oriente lucense, a Ría de Viveiro, como o perfil recortado dos seus acantilados que propician unha ampla variedade de accidentes xeográficos, así como a profusa cuberta vexetal, fan desta unidade, que fose considerada como un Espazo de Interese Paisaxístico e polo tanto un dos fitos singulares e recoñecibles da costa galega do Cantábrico. A isto hai que engadir, efectivamente, os valores que foron recoñecidos polas distintas figuras de protección que afectan este sector, concretamente LIC, ZEPA e ZEPVN da Costa da Mariña Occidental segundo a Directiva Hábitat e Lei galega de espazos protexidos respectivamente. A calidade e escasa profundidade das augas que bañan os seus acantilados, permiten que todo o contorno da unidade albergue bancos marisqueiros para a súa explotación. En canto á alínea patrimonial, indicar a importancia de todo o sector da Punta de Sucastro onde se localiza o castro de Medas, e por iso foi cualificado como solo rústico de especial protección polo concello do Vicedo, ao cal pertence administrativamente este territorio. Dende esta zona, á cal é posible acceder pola pista descrita, é posible obter unhas amplas panorámicas que abranguerían dende a Illa Coelleira cara a poñente, ata a Punta Mansa ou de Saiñas cara a levante.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos no ámbito da Praia de Abrela nas proximidades da Punta de Alegrín, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares na fronte costeira que impida a contemplación do horizonte desvalorizando a imaxe do conxunto, mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m











Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



